

Lonxe da imaxe idealizada dos axentes secretos (como o personaxe que levaba JB como iniciais e 007 como código profesional), o labor de informador / observador pode resultar gris e monótono. Nas súas memorias, recentemente publicadas, Frederick Forsythe (*El intruso*, Plaza & Janés) e mais John Le Carré (*Volar en círculos*, Planeta) reflexionan sobre cadansúas experiencias como escritores e, en paralelo, como persoas que nun momento ou outro tiveron actividades clandestinas.

Forsythe comeza pola súa infancia nos anos da guerra, cando os bombardeiros alemáns sobrevoaban a súa bisbarra para atacaren Londres. Daquela quedoulle unha fixación: algún día pilotaría un daqueles Spitfire que se opunhan aos agresores. Despois de estudar nun colexio de categoría, viaxou (e perfeccionou os respectivos idiomas) a Francia e a Alemaña, primeiro, e España e Tánxer, despois. Pouco antes da idade esixida, conseguiu o obxectivo de entrar na RAF como piloto; pero unha vez cumprido o servizo mínimo, non quixo renovar.

Curiosidade e escepticismo veñen ser as claves dunha boa narrativa

O seu devezado era coñecer mundo pero non tiña un peso. Mais había quen si e, por riba, pagaba porque alguén dese a coñecer outras terras: os editores de xornais. Así pois, Forsythe encetou desde o nivel básico a súa dedicación á prensa. Ben axiña, sen embargo, tivo ocasión de viaxar a París como correspondente da axencia Reuters cando Francia padecía a guerra pola independencia de Alxeria. Tivo ocasión de coñecer os gardacostas de De Gaulle e por esa proximidade foi testemuña do atentado que a OAS fixo contra o xeneral presidente.

Despois o destino foi o Berlín oriental, cousa que obrigaba a neutralizar a constante (e torpe) vixilancia da Stasi (comunistas que antes foron nazis), o que non foi obstáculo para a súa primeira acción de espionaxe cando tivo que conseguir información dun avión americano derribado cerca de Magdeburgo nos



Fotograma de *O xardineiro fiel* (2005).



Frederik Forsythe e Michael Caine durante a rodaxe de *O cuarto protocolo* (1987).

As novelas de xénero non soen levar implícita a condición de intelectuais. Como se ollar polo miúdo as razóns dun asasino, un detective ou un espía non reflectise a condición humana. Tal vez porque John Le Carré e Frederick Forsythe chegaron a escritores (de éxito) sen pretensións intelectuais, cómpre ter en conta as súas reflexións sobre cadansúa condición literaria.

Le Carré reconece algunhas das súas lecturas e a influencia daqueles escritores que tamén foron espías (Somerset Vaughan, Graham Gree-

ne). O posible glamour gañado como profesor de Eton desapareceu cando ingresou na diplomacia británica. Sen embargo, non considera

Non intelectual

que tal circunstancia abonde para que se lle considere un gurú dos servizos de espionaxe. Sen agochar o pánico á folia en branco ou a súa

aversión ás entrevistas.

Forsyth comeza a narrar as súas lembranzas recoñecendo as súas teima como escritor. Non dubida en confesar que se fixo escritor por probar sorte nun momento en que estaba sen unha cadela e que tal carreira nunca foi vocacional. Tal vez por iso se considerou sempre un intruso. Porque sabe que un escritor –ser solitario cando asume tal condición– vive a metade do seu tempo dentro da súa cabeza. Pero, polo visto, acadou o éxito grazas ás calidades de todo bo reportero: curiosidade e escepticismo

Intrusos voando en círculos

De espías, mercenarios e escritores

JOAQUIM VENTURA

ses ocultos, comezando polos dos gobernos. Por iso confesa que a guerra non ten nada de nobre.

Xa como xornalista por libre, coñeceu a Ben Gurion e Wiesel na procura de redes de nazis ocultos (*Odessa*). Finalmente, contactou clandestinamente cun traficante de armas ata que foi avisado por alguén, posiblemente outro infiltrado que seguía compras do IRA. E visitou Panamá para saber de primeira man o papel loxístico e financeiro

nos negocios da droga. Despois, unha vida relativamente tranquila en Irlanda grazas á garantía dada polo primeiro ministro de que o IRA non atentaría contra a súa familia.

John Le Carré, pola súa banda, presenta un esquema distinto. Tamén formado en colexios de elite, ingresou nos servizos de intelixencia británicos e tivo ocasión coñecer axentes soviéticos encubertos, visitar Camboxa cando a guerra, compartir o aninovo con Arafat en Beirut ou as masacres de Ruanda. Escritor por necesidade de sobrevivir (como Forsythe), Le Carré (David Cornwell) é tal vez algo máis

(nobremente) cínico que o seu colega. Non é casual que o seu persoeiro de ficción principal se chame George Smiley. E tal vez sexa a súa unha ficción máis sólida.

Pero en diversas cousas coinciden ambos dos. En sinalar a habitual ineptitude das autoridades gobernamentais; as profundas reflexións sobre o oficio de escritor; a adaptación dos axentes de intelixencia aos distintos réximes e a práctica, nas súas vidas clandestinas, do que chaman “modo Bertie Wooster” (personaxe tomado de Wodehouse); disimular que se coñece á perfección un idioma estranxeiro. Unhas memorias, sen dúbida, amenas.

días que Kennedy era asasinado en Dallas.

Forsythe entrou na BBC pero os intentos do primei-

ro ministro socialista Harold Wilson de manipular a emisora provocaron que a experiencia fose breve. Con

todo, como enviado da BBC foi a Nixeria, onde a rexión de Biafra viña de proclamar a súa independencia. Da-

quela foi cando Forsythe coñeceu a realidade das guerras: mercenarios, contrabando de armas, intere-